



REGULAMENTO DA XXXVIII CARREIRA PEDESTRE SAN SILVESTRE DE PONTEVEDRA 21

1. **FORMATO DE CARREIRA:** A tradicional San Silvestre Pontevedra 21 este ano contará con 17 saídas (unha cada 20 minutos entre as 10.30 e as 17.45h) para que en quendas de 150 persoas en cada saída podidas correr, camiñar, facer marcha nórdica,... xunto a túa familia e amigos co tradicional dorsal, coa alegría, co ambiente musical,... para facer un percorrido pola Xunqueira de Alba.
2. **ORGANIZADORES:** A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra.
3. **HORARIO DA CARREIRA:** Celebrarase o venres 31 de nadal do 21 con saídas de 150 persoas cada 20 minutos, dende as 10.30 (primeira saída), 10.50, 11.10, 11.30, 11.50, 12.10, 12.30, 12.50, 13.10, 13.30, 13.50, 16.00, 16.20, 16.40, 17.00, 17.20 e 17.40 (última saída). Todos os participantes inscritos escollerán a súa hora de saída, que terán que cumprir escrupulosamente.
4. **DISTANCIA E PERCORRIDO:** Será de 1 volta de 3.000m aprox. marcados con cinta de balizar de “Deporte Pontevedra” colgada polos camiños da Xunqueira de Alba, nun circuíto pechado ao tráfico (ver plano xunto, en verde o percorrido pedestre).



5. **PARTICIPANTES:** Poderán tomar parte nun total de 17 saídas (unha cada 20 minutos) un máximo de 2.550 persoas (as persoas menores de idade terán que estar inscritas e ao cargo do seu titor/a legal ao longo de toda a carreira) en grupos máximos de 150 persoas en cada saída. **Cada participante inscrito/a ten que participar exclusivamente, portando o dorsal persoal, co seu grupo e horario asignado, non podendo cambiar o dorsal nin o horario de participación.**
6. **INSCRIPCIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS:** A inscrición será ata as 23.59h do día 26 de nadal, só na web www.sgpontevedra.com; na inscrición cada persoa escollerá a hora na que quere saír (para poder compartir saída coas persoas achegadas). A recollida de dorsais farase na Casa da Luz (praza da Verdura, s/n) o luns 27, martes 28, mércores 29 e xoves 30 de nadal de 10,00 a 13,30 h e de 16,30 a 19,30h. Calquera persoa poderá recoller o dorsal doutra persoa cando teña autorización d@ titular (por exemplo, unha foto do DNI por WhatsApp).

7. **COMPROMISO COA ORGANIZACIÓN:** Dende a Sociedade Gimnástica de Pontevedra, no momento de recoller o dorsal, agradecemos a aportación voluntaria de 1 euro por dorsal para apoiar a labor da nosa entidade sen ánimo de lucro na promoción do atletismo na nosa comarca.
 8. **ACCIÓN SOCIAL DA CARREIRA:** Todas as persoas inscritas, á hora de recoller o dorsal, recibirán unha camiseta lembranza da Carreira Pedestre San Silvestre Pontevedra 21 que solicitamos que leven posta o día da proba. Para poder recollela as persoas inscritas deben de traer alomenos 1kg de produtos de alimentación impercedoiro (preferentemente leite, aceite,...) para facerlle entrega ao Banco de Alimentos de Pontevedra que o repartirá entre as entidades que máis o necesiten.
- 
9. **INDUMENTARIA EN CARREIRA:**
 - É OBRIGATORIO PARTICIPAR COA MASCARILLA BEN POSTA, E CON DORSAL ben visible e estirado no abdome, aínda que se acuda disfrazado.
 - Recomendamos participar coa camiseta de agasallo conmemorativa da San Silvestre Pontevedra 21. No caso de que o deportista leve disfraz e este dificulte a visibilidade ou a carreira para o resto de participantes, a criterio da Organización, poderá ser descualificado e pediráselle que se retire do circuíto, por seguridade.
 10. **ASUNTOS COVID:** Toda a Organización e as persoas participantes estaremos ao disposto polas normas decretadas polas autoridades públicas sanitarias en cada momento. Todas as persoas participantes se comprometen a permanecer en todo momento coa mascarilla tapando a nariz-boca correctamente.
 11. **SEGURIDADE:** Durante todo o tempo haberá unha ambulancia e un médico/a a disposición das persoas participantes, todas as persoas estarán cubertas por un seguro de accidentes.
 12. **PREMIOS E AGASALLOS** Non haberá clasificación de chegada. Daráselle un lacón á muller e ao home de maior idade que rematen a San Silvestre Pontevedra 21, así como ao neno ou nena de menor idade, e ao mellor disfraz individual (a criterio do xurado de disfraz). Panaderías A Devesa agasallará a todas as persoas inscritas, que rematen, cun croissant, e Supermercados Froiz encargárase da hidratación de todas as persoas participantes, así como dos lacóns de premios.



FROIZ
Siempre a su servicio

13. **VARIOS:**
 - A organización no se fai responsable dos danos físicos ou materiais que os corredores/as poidan ocasionar a eles mesmos, a outras persoas ou a elementos materiais.
 - A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condicións indicadas, incluso a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas, ou outras forzas de causa maior, así o aconsellan.
 - As persoas inscritas ceden de maneira expresa, á Organización, o dereito a reproducir o nome e apelidos e a súa imaxen, durante esta carreira, só para a promoción da actividade física e do deporte, así como informarlles de futuras actividades relacionadas co atletismo.

Para poñerse en contacto coa organización, poderán facelo en info@sgpontevedra.com ou <https://www.facebook.com/sansilvestrepontevedra>